

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN ROQUE
NIVEL: EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA: Globalizado
DEPARTAMENTO: Infantil
DATA: 05/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL: 4º infantil

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.

Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo

Bloque 2: Xogo e movemento

Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.

Acepta as regras dos xogos.

Bloque 3: A actividade cotiá

Mostrar una actitude positiva ante as actividades

Adoptar unha actitude positiva ante as propostas de actividade.

Bloque 4: O coidado persoal e saúde	
Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Mantén hábitos de saúde axeitados á nova situación
ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO: 4º infantil	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida.	
Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	<p>) Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá, representándoos empregando diferentes estratexias (debuxando raias, puntos...)</p> <p>) Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.</p>

Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos	Explora ludicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais
Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios) Agrupa e clasifica os obxectos atendendo a diferentes atributos e criterios de clasificación.) Compara os obxectos segundo as súas propiedades físicas
ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REORESENTACIÓN: 4º infantil	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: Linguaxe verbal	
Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas e comprende as explicacións (instrucións sinxelas) que se dan

Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical-corporal	
Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	<ul style="list-style-type: none">) Aмосa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas.) Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencia
Escribir o seu nome	Escribe o seu nome a con axuda dun modelo
Recoñecer o seu nome.	Recoñece o seu nome.
ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL: 5º infantil	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: O corpo e a propia imaxe	
Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo

Bloque 2: Xogo e movemento	
Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	Acepta as regras dos xogos.
Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none">) Presenta un bo dominio de habilidades de motricidade fina.) Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo (itinerarios, circuítos, percorridos,..).) Ten unha boa coordinación de movementos.) Mantén o equilibrio nos desprazamentos, nos saltos, e fai percorridos.
Bloque 3: A actividade cotiá	
Mostrar una actitude positiva ante as actividades	Adopta unha actitude positiva ante as propostas de actividade.

Bloque 4: O coidado persoal e saúde	
Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Mantén hábitos de saúde axeitados á nova situación
ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO: 5º infantil	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida.	
Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	<ul style="list-style-type: none"> -Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá, representándoos empregando diferentes estratexias (debuxando raias, puntos...) -Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.

Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos	Explora ludicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais
Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios) Agrupa e clasifica os obxectos atendendo a diferentes atributos e criterios de clasificación.) Compara os obxectos segundo as súas propiedades físicas
ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN: 5º infantil	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: Linguaxe verbal e escrita	
Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas	Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias, empregando con precisión o vocabulario que posúe e incorporando palabras nova

<p>Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas e comprende as explicacións (instrucións sinxelas) que se dan</p>
<p>Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...</p>	<p>) Gusta de facer uso da escritura(convencional ou non) en grupo ou de forma individual para escribir un conto, para transmitir información en situacións contextualizadas e reais, respectando as producións dos compañeiros/as que escriben cunha hipótese menos evolucionada</p> <p>) Escribe o seu nome sen axuda de modelos, e dos compañeiros/as con modelo</p> <p>) Crea e recrea textos significativos seguindo as hipóteses da etapa indeterminada ou silábica sen correspondencia sonora, segundo o ritmo madurativo do alumno.</p>

Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical-corporal	
Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	<ul style="list-style-type: none">) Aмосa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas.) Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias
ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL: 6º infantil	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: O corpo e a propia imaxe	
Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo
Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá	Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo (itinerarios, circuítos, percorridos,..).

<p>Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.</p>	<p>Confía nas súas posibilidades de acción e movemento.</p>
<p>Bloque 2: Xogo e movemento</p>	
<p>Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.</p>	<ul style="list-style-type: none">) Participa en xogos amosando unha destreza motora axeitada ó agardado para a idade.) Coordina a súa acción coa das demais compañeiras e compañeiros cando o xogo cando o require
<p>Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.</p>	<ul style="list-style-type: none">) Presenta un bo dominio de habilidades de motricidade fina.) Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo (itinerarios, circuítos, percorridos,..).) Ten unha boa coordinación de movementos.) Mantén o equilibrio nos desprazamentos, nos saltos, e fai percorridos.)

Bloque 3: A actividade cotiá	
Mostrar una actitude positiva ante as actividades	Adopta unha actitude positiva ante as propostas de actividade.
Bloque 4: O coidado persoal e saúde	
Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Mantén hábitos de saúde axeitados á nova situación
ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO: 6º infantil	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida.	
Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.) Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá,) representándoos empregando diferentes estratexias (debuxando) raias, puntos...)

	<p>) Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.</p>
<p>Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, Círculos, prismas, cubos</p>	<p>Explora ludicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais</p>
<p>Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles.</p> <p>Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios</p>	<p>) Agrupa e clasifica os obxectos atendendo a diferentes atributos e criterios de clasificación.</p> <p>) Compara os obxectos segundo as súas propiedades físicas</p>

ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN: 6º infantil

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: Linguaxe verbal e escrita	
Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas	Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias, empregando con precisión o vocabulario que posúe e incorporando palabras nova
Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas e comprende as explicacións (instrucións sinxelas) que se dan
Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...) Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) en grupo ou de forma individual para escribir un conto, para transmitir información en situacións contextualizadas e reais, respectando as producións dos compañeiros/as que escriben cunha hipótese menos evolucionada

	<ul style="list-style-type: none">) Escribe o seu nome sen axuda de modelos, e dos compañeiros/as con modelo) Crea e recrea textos significativos seguindo as hipóteses da etapa silábico alfabética ou alfabética, segundo o ritmo madurativo do alumno.
<p>Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical-corporal</p>	
<p>Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais</p>	<ul style="list-style-type: none">) Aмосa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas.) Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>) Observación e valoración do alumnado a través de vídeos e producións que se nos fagan chegar.</p> <hr/> <p>Instrumentos:</p> <p>Listas de control (si/non/a-v): a partir dos traballos que entreguen, valorando o produto final do mesmo,</p> <p>Anecdotario: a partir das observacións nas interaccións directas a través de vídeos e contacto cos alumnos</p> <p>Lista de control de seguimento da evolución do proceso lecto-escritor: a través de textos escritos</p> <p>Fichas</p>
Cualificación final	<p>Procedementos para obter a cualificación:</p> <p>-1ª Avaliación: Computará un 45% do total da cualificación final do curso.</p> <p>-2ª Avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso.</p> <p>-3ª Avaliación: Valorarase sempre positivamente ao alumnado tendo como referente os logros adquiridos nas anteriores avaliacións. Valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de actividades non presenciais cun 10% co fin único de reforzar e recuperar os contidos non acadados nas dúas avaliacións anteriores.</p> <p>Farase unha sesión de avaliación onde se recollerán os aspectos a destacar e a ter en conta para o vindeiro curso.</p>

Proba extraordinaria de setembro	Non aplicable
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non aplicable
	Criterios de cualificación: Non aplicable
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non aplicable

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Lóxico- matemática:

Escribir números: con plastilina, distintos materiais(pompóns, fíos...), con lapis, rotuladores....

Completar ou ordenar a serie numérica con tarxetas dos números ou con diferentes conxuntos de materiais.

Facer conteos para ter un dato preciso.

Asociar número e cantidade con distintos obxectos.

Clasificar obxectos por cantidade, cores, tamaños, formas...

Facer seriacións con distintos obxectos que poidan ter na casa.

Secuenciar accións (contos, proceso de xerminación...)

Facer crebacabezas

Aproximación á lectoescritura:

Traballar os trazos en distintos soportes e con distintos materiais: na area co dedo, cun pau, seguindo liñas trazadas, ...

Representar as letras modelando, compoñéndoas con distintos materiais(pedras, paus...)

Escribir palabras relacionadas cos contos traballados ou significativas para eles/as: o seu nome, os das persoas coas que vive, distintos animais, plantas, hortalizas, utensilios da casa....

Asociar o fonema coa grafía: buscar obxectos que empecen por....

	<p>Expresión plástica:</p> <p>Realizar distintas manualidades con material de refugallo: animais con cartóns, macetas , xogos con tapas...</p> <p>Debuxar e representar situacións reais: un paseo, o que se ve pola súa ventá, un horto, manteis, casiña para paxaros....</p> <p>Facer collages.</p> <p>Modelar...</p> <p>Outras relacionadas co coidado da plantas(plantar legumes, coidar as plantas ..) e con actividades cotiás como poñer a mesa, ou coas partes do seu corpo como debuxarse a eles mesmos .</p> <p>Facer experimentos: mensaxes máxicas, mestura de cores, tinguir flores, plastilina caseira.....</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Ante unha situación como a actual, non tódalas familias contan cos mesmos recursos, nin situación familiar, para poder afrontar as propostas aquí establecidas do mesmo xeito, polo que o primeiro que se fixo dende a dirección foi pasar una enquisa ás familias para coñecer dos recursos e medios dixitais dispoñibles en cada caso.</p> <p>Tras estudar cada situación artellamos una serie de medidas compensatorias que permitan adaptarse a cada situación.</p> <p>Cada titora e especialistas puxéronse en contacto coas familias a través de mensaxes de Abalar para explicar en cada caso os seguintes puntos:</p> <ul style="list-style-type: none">) Cal ía ser o medio de comunicación e a través do cal lles ían facer chegar as actividades.) Todas as actividades ían a ser voluntarias e non se ía establecer un tempo determinado para facelas.) Na páxina web do colexio colgáronse una proposta de actividades variadas de plástica ,psicomotricidade, musicais,

	<p>experimentos para todo o ciclo co fin de que cada familia escollese as máis axeitadas e factibles cos medios das familias.</p> <p>) Cada titor ademais propón cada semana unha serie de actividades concretas para cada idade.</p> <p>) Serán actividades de repaso</p> <p>) Todas as actividades terán un carácter lúdico e motivador</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>) Soportes informáticos: táblets ,ordenadores, dispositivos móbiles e conexión a internet.</p> <p>) Materiais persoais que os mestres tivemos que improvisar co que dispoñemos nas nosas casas.</p> <p>) Os dispositivos móbiles persoais dos mestres.</p> <p>) Xogos e recursos online.</p> <p>) Fichas</p>

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Para manter a comunicación coas familias establecemos as seguintes canles de comunicación:</p> <p>) Espazo Abalar – Abalar Móbil:</p> <p>A través do sistema de mensaxería mantemos a comunicación con tódalas familias mandando mensaxes de grupo, individuais, con resposta activada, para manter o contacto directo coas familias.</p> <p>A través de esta aplicación tamén acceden ás cualificacións trimestrais dos alumnos/as.</p> <p>) Uso da conta de e-mail persoal de cada mestre para comunicarse, mandar propostas de traballo e remitir o resultado das propostas feitas por parte das familias.</p> <p>) Uso do móbil persoal para chamadas e para a interacción profesor-familias</p>
Publicidade	Este documento será colgado na web do colexio